



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA**

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE A APERTURA DE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DO CURSO “FC12073 SMART REGULATION: REDUCCIÓN DE CUSTOS REGULATORIOS”.

ANTECEDENTES:

1.- Resolución do 12 de decembro de 2011 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 239 do 16 de decembro de 2011).

Asunto: Apertura de novo prazo de presentación de solicitudes do curso FC12073” Smart regulation: redución de costes regulatorios a celebrar en Santiago de Compostela do 5 ao 15 de marzo do ano 2012.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 12 de decembro de 2011 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG N° 239 do 16 de decembro de 2011), na súa base cuarta, apartado e) dispón:” No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos nalgún curso, poderá completarse o número de alumnos asignados a eles mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP”, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

A vista de que o reducido número de solicitudes presentadas para acceder ao curso FC12073” Smart regulation: redución de costes regulatorios a celebrar en Santiago de Compostela do 5 ao 15 de marzo do ano 2012.

RESOLVO:

1. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes dende a data da presente resolución ata o día 15 de febreiro do presente ano.
2. Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2012

O director

Pablo Figueroa Dorrego